

Curso académico: 2025/26

201906 - Dirección de Fotografía: Cámara e Iluminación

A guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías.

Información da Guía Docente

Código materia: 201906

Titulación: 10013 - Grao en Comunicación Audiovisual

Tipo: Obrigatoria

Curso: 3

Número de ECTS: 6.0

Periodo: Primeiro cuatrimestre

Idiomas:

Coordinación titulación: Ana María González Neira

Coordinación materia: Sandra Martínez Costa

Profesorado: Sandra Martínez Costa

1. Descrición xeral

O obxectivo desta asignatura é o de aprender os fundamentos do traballo dun director de fotografía, e crear contidos fotográficos e cinematográficos de calidade técnica e estética.

2. Resultados de formación e aprendizaxe (titulacións RD 822/2021) ou competencias (titulacións RD 1393/2007)

Competencias (titulación RD 1393/2007)

- **[A01]** Comunicar mensaxes audiovisuais.
- **[A02]** Crear produtos audiovisuais.
- **[A07]** Coñecer técnicas de creación e produción audiovisual.
- **[A08]** Coñecer a tecnoloxía audiovisual.
- **[B08]** Empregar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) precisas para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
- **[C01]** Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
- **[C02]** Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
- **[C03]** Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
- **[C04]** Valorar a importancia que ten a investigación, innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

3. Contidos

Unidade de contido	Descrición	Resultados de formación e de aprendizaxe / competencias	Metodoloxías docentes e actividades formativas	Sistemas de avaliación
Tema	1. A dirección de fotografía en cine, televisión e internet: 1.1. O equipo de fotografía en cine e televisión 1.2. Mestres da luz. Revisión xeral da dirección de fotografía na historia do cine 1.3. Directores de fotografía contemporáneos 1.4. dSLR para vídeos e cine low-cost	A01, A02, A07, A08, B08, C01, C02, C03, C04.	MAG17, MAG21, MAG39.	SEG17, SEG21, SEG31.
Tema	2. O encuadre: 2.1. Formatos de fotografía, cine e televisión 2.2. Principios básicos de composición 2.3. Uso narrativo e expresivo dos distintos tipos de planos	A01, A02, A07, C01, C02.	MAG00, MAG17, MAG21, MAG31, MAG39.	SEG17, SEG21, SEG31.
Tema	3. A linguaxe das ópticas: 3.1. Lonxitude focal: ópticas e perspectiva 3.2. Ópticas e profundidade de campo 3.3. Uso narrativo das ópticas	A07, A08, B08.	MAG00, MAG17, MAG21, MAG31, MAG39.	SEG17, SEG21, SEG31.
Tema	4. A exposición: 4.1. Exposición, ISO e relacións de iluminación 4.2. Relacións de contraste 4.3. Exposición e cámara. Sistemas de medición 4.4. O obturador en fotografía e vídeo	A07, A08, B08, C02.	MAG00, MAG17, MAG21, MAG31, MAG39.	SEG17, SEG21, SEG31.
Tema	5. Dinámica da cámara: 5.1. Tipos de movemento 5.2. Soportes 5.3. Uso narrativo do movemento de cámara	A07, A08, C01, C02.	MAG00, MAG17, MAG21, MAG31, MAG39.	SEG17, SEG21, SEG31.
Tema	6. A luz en fotografía, cine e televisión: 6.1. Equipos de iluminación: luminarias e elementos para o control da luz 6.2. Técnicas de iluminación para retrato 6.3. Técnicas de iluminación en vídeo 6.4. A luz como elemento narrativo	A01, A02, A07, A08, B08, C04.	MAG00, MAG17, MAG21, MAG31, MAG39.	SEG17, SEG21, SEG31.
Tema	7. A cor: 7.1. Temperatura de cor 7.2. Cor e soporte de rexistro 7.3. Control de cor e contraste en postprocesado: baño de blanqueo e bleach by-pass	A01, A02, A07, A08, B08.	MAG00, MAG17, MAG21, MAG31, MAG39.	SEG17, SEG21, SEG31.

4. Metodoloxías docentes e actividades formativas

Modalidade Presencial					
Metodoloxía	Descrición	Horas lectivas presenciais	Horas lectivas virtuais	Horas de traballo autónomo	Resultados de formación e de aprendizaxe / competencias
Atención	A realización do portfolio fotográfico e das	0,00	0,00	8,00	A01, A02, A07,

Metodoloxía	Descrición	Horas lectivas presenciais	Horas lectivas virtuais	Horas de traballo autónomo	Resultados de formación e de aprendizaxe / competencias
personalizada [MAG00]	prácticas de fotografía será supervisado nas súas distintas etapas.				A08, C02, C03, C04.
Portafolios do alumnado [MAG17]	Creación dun traballo fotográfico propio	0,00	0,00	8,00	A01, A02, A07, A08.
Prácticas de laboratorio [MAG21]	Prácticas de dirección de fotografía e iluminación.	22,00	0,00	36,00	A01, A02, A07, A08.
Proba obxectiva [MAG31]	Exame tipo test sobre os coñecementos teórico prácticos adquiridos durante o curso	2,00	0,00	30,00	A01, A07, A08, B08, C01.
Sesión maxistral [MAG39]	Clases teórico-prácticas sobre os principais aspectos técnicos e expresivos da dirección de fotografía.	24,00	0,00	24,00	C01, C02, C03, C04.
Suma de horas por tipo		48,00	0,00	106,00	
Horas totais				154,00	

5. Avaliación

Modalidade Presencial			
Sistema de avaliación	Descrición	Ponderación (%)	Resultados de formación e de aprendizaxe / competencias
Portafolios do alumnado [SEG17]	Avaliaranse os seguintes aspectos: Proposta conceptual; calidade técnica da execución; composición e estética; orixinalidade e retos asumidos na realización do traballo	10,00	A01, A02, A07, A08, B08, C01, C02, C03, C04.
Prácticas de laboratorio [SEG21]	Os exercicios prácticos son obrigatorios	60,00	A01, A02, A07, A08, B08, C01, C02, C03, C04.
Proba obxectiva [SEG31]	O exame inclúe os contidos teóricos e prácticos adquiridos durante as sesións maxistras así como os materiais de lectura obrigatoria	30,00	A01, A02, A07, A08, B08, C01, C02, C03, C04.
Total (%)		100,00	

Todos os aspectos relacionados con dispensa académica, dedicación ao estudo, permanencia e fraude académica rexeranse de acordo coa [normativa académica](#) vixente na UDC.

5.1. Primeira oportunidade

A avaliación da primeira oportunidade está descrita no sistema de avaliación da guía docente. Especificaránse os tipos de prácticas e a modalidade de exame no campus virtual da asignatura antes do comezo do curso.

5.2. Segunda oportunidade

A avaliación da segunda oportunidade será a mesma que para a primeira. A está descrita no sistema de avaliación da guía docente. Especificaránse os tipos de prácticas e a modalidade de exame no campus virtual da asignatura antes do comezo do curso.

5.3. Oportunidade adiantada

A oportunidade adiantada para esta materia consiste nun exame de coñecemento sobre os contidos da mesma.

5.4. Dispensa académica

Todos os aspectos relacionados con “dispensa académica”, “dedicación ao estudo”, “permanencia” e “fraude académica” rexeranse de acordo coa normativa académica vixente da UDC.”

Todo o estudantado que teña recoñecida a dedicación a tempo parcial (TP) ou a matrícula adaptada ten dereito a dispensa académica, unha vez acreditada algunha das circunstancias recollidas no artigo 6 da NDEDA.

Tamén a pode solicitar o estudantado con dedicación a tempo completo, sempre que acredite algunha das circunstancias recollidas no artigo 6 da NDEDA.

As condicións de avaliación dos estudantes con dispensa académica deben consensuarse co profesor da materia.

6. Bibliografía recomendada

Bibliografía Básica

- Brown, Blain. (2008). Cinematografía : teoría y práctica : la creación de imágenes para directores de fotografía, directores y operadores de vídeo. Omega. Libro. [\[URL\]](#)

Bibliografía Complementaria

- Castillo, José María (Castillo Pomeda), Instituto Oficial de Radio y Televisión (Madrid), ed. (2022). Televisión, realización y lenguaje audiovisual. Instituto RTVE, 4ª edición. Libro. [\[URL\]](#)
- Frost, Jacqueline B., 1957- (2009). Cinematography for directors : a guide for creative collaboration. Michael Wiese Productions. Libro. [\[URL\]](#)